


INFORME DE AVALIACIÓN DO PAT

(Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

Curso 2020/21

R2 DO-0203 P1



INFORME PAT CURSO ACADÉMICO 2020/2021

Durante o curso 2020/2021 realizáronse diversas actuacións do PAT. A primeira levouse a cabo o día da presentación do mestrado onde o coordinador informou ós novos/as alumnos/as do programa de titorización.

A segunda acción/reunión levouse a cabo o día 30 de novembro e consistiu nunha explicación polo miúdo das accións do PAT. Tamén se lles solicitou neste momento que cubrisen as fichas individuais (Anexo 2) sendo entregadas un total de 5, un número baixo que segue a liña de anos anteriores onde soamente cobren/entregan esta ficha unha pequena parte do alumnado.

A seguinte reunión foi a 1ª titoría grupal. Celebrouse o día 17 de decembro por emeeting. A finalidade foi a de coñecer de primeira man posibles problemas xurdidos durante o primeiro cuadrimestre. Nesta reunión participaron 5 alumnos/as. Porén, a pesares de ser un número baixo, os participantes actuaban de voceiros do resto xa que previamente tiveran unha reunión e consensuaron os temas a tratar.

De xeito sintético, os problemas que me trasladaron foron os seguintes:

- Non se responden aos correos do alumnado. En concreto sinaláronse problemas con Adolfo Fernández, Julia Armesto e Domingo Teijeiro.

Titor: Informouse disto nunha CAM.

- Que aínda non sabían nada das prácticas cando se lles meteu moita presa para xustificalas ou buscar a institución onde levalas a cabo.

Titor: Dous días despois celebrouse unha CAM onde se aprobaron as prácticas e se lles comunicou ao alumnado.

- Problemas cos prazos de entrega de traballos. Demasiados prazos e diversos.

Titor: Informouse disto nunha CAM.

- Dificultades con determinadas materias técnicas

Titor: trátase dunha queixa habitual da que se ten informado aos docentes destas materias.

- Falla dunha parte do mestrado con materias específicas de conservación-restauración.

Titor: explicouse esta problemática e como/porqué esa parte xa non se imparte no mestrado.

- Menos lectura. Moita carga de traballo.

Titor: trátase dunha queixa habitual da que se ten informado aos docentes destas materias.

Debido ao disfrute dun permiso de paternidade por parte do titor, durante este curso non se realizou a segunda titoría grupal. Porén, celebráronse 3 titorías individuais durante o curso.